CONCELLO DE MELIDE

Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203
www.concellodemelide.gal

ANUNCIO

O día 17-11-2026, ditouse a resolución con número 764/2026:

"**RESOLUCIÓN**

EXPEDIENTE: CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE ANIMADOR/A CULTURAL PARA SUBSTITUCIÓN DA TITULAR POR I. T.

EXPEDIENTE: 2026/E002/000015

ANTECEDENTES:

Logo de ver o ficheiro FIE da animadora cultural Rosalía R. C., titular do posto código 06.01.01, no que consta que se atopa de baixa por incapacidade temporal dende o día 28/10/2026.

Logo de ver a proposta de data 05/11/2026 da concelleira responsable da Área de Cultura, Ana Mosteiro Sánchez: *"(...)PROPOÑO:*
O chamamento da bolsa de emprego ou listaxe de reserva de laborais interinos/as para cubrir a ITL de animador/a cultural co código 06/01/01"

*Logo de ver as "B*ASES XERAIS QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN POLOS SISTEMAS DE CONCURSO E DE CONCURSO-OPOSICIÓN ESTABLECIDOS NA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA E NO ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO, nas que se inclúe a praza de animador/a cultural, nomeadamente a base décima na que se establece que *"As persoas que non superen o proceso selectivo, incluiranse en bolsas de persoal funcionario interino ou de persoal laboral temporal específicas ou xa existentes".*

Logo de ver o decreto da Alcaldía núm. 854/2026 de data 18/12/2026 e asunto: "*DECRETO DE AUTORIZACIÓN Á CONTRATACIÓN DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN DOS/AS ASPIRANTES ÁS PRAZAS DE: ALBANEL, ALBANEL ENTERRADOR, ENCARGADO PA MECÁNICA, PROFESORA CENTRO OCUPACIONAL, CONSERXE CENTRO SOCIAL, PSICÓLOGA CIM, ADMINISTRATIVO, ANIMADORA CULTURAL, ANIMADOR DEPORTIVO E PERSOAL DE APOIO ESCOLA INFANTIL. EXPEDIENTE: 2024/G003/000904*", na que se resolve: *"(...)TERCEIRO: Aprobar a seguinte bolsa de emprego por especialidades:*

ANIMADORA CULTURAL:	*- MARÍA LUISA C. G.*
	- MAITE P. G.
	- MARÍA DE LOS ÁNGELES B. V. (…)".

Logo de ver o decreto da Alcaldía núm. 745/2026 de data 10/11/2026, asunto *"PROVIDENCIA PARA O CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE ANIMADOR/A CULTURAL PARA SUBSTITUCIÓN DA TITULAR POR I. T."*: *"(...) En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, RESOLVO:*

PRIMEIRO: que se una ao expediente o certificado de existencia de crédito da Intervención municipal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Y2DpFtFCdr2S0MwBClOc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemelide.gal/

e se informe pola técnica de Administración Xeral e a interventora para proceder ao chamamento a través da bolsa ou lista de emprego para substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo para a praza de animador/a cultural con carácter laboral temporal.
SEGUNDO: dar traslado do presente acordo á Intervención municipal e á técnica de Administración Xeral."

Logo de ver o certificado de intervención de existencia de crédito Ref. 547M/2026: *"CERTIFICO: Que existe crédito axeitado e suficiente no orzamento do exercicio 2026, que é o prorrogado do exercicio 2025, para facer fronte ao gasto derivado do CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE ANIMADOR/A CULTURAL PARA SUBSTITUCIÓN DA TITULAR POR I. T. CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL na bolsa de vinculación xurídica (3-1) con cargo ás aplicacións orzamentarias 334/131.00 e 334/160.00.*
A consignación orzamentaria para o exercicio 2027 queda supeditada á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do exercicio correspondente.".

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 11/11/2026 e asunto: "*CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DE ANIMADOR/A CULTURAL PARA SUBSTITUCIÓN DA TITULAR POR I. T. EXPEDIENTE: 2026/E002/000015*", no que se conclúe: "*INFÓRMASE FAVORABLEMENTE, ao chamamento, a través da bolsa resultante do proceso de estabilización para a substitución de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo: Rosalía R. C., persoal laboral fixo, titular do posto código 06.01.01 en situación de baixa por incapacidade temporal.*
Informe que non é vinculante e, en consecuencia, o órgano competente, co seu mellor criterio, decidirá".

Logo de ver que con data 12/11/2026 e rexistro de entrada nº 5474 Maria Luisa C. G. presenta escrito no que di: "*Recibida unha chamada telefónica deste Concello por mor dunha lesta de agarda de animador sociocultural. Solicito que se me manteña na lista pero por estar traballando neste Concello noutra praza renuncio ao posto.*".

Logo de ver que con data 12/11/2026 e rexistro de entrada n.º 202699900002379, Mayte P. G. presenta a través da sede electrónica instancia na que di: "*Estou na bolsa de contratación de ANIMADORES CULTURAIS e comunicóuseme chamamento por vacante do posto, pero xa estou ocupando unha praza noutro concello*
Solicita
Se me manteña na bolsa de contratación e se acepte a documentación que presento para xustificar a renuncia a este chamamento:
- Nomeamento como funcionaria de carreira BOP nº84
Informe de vida laboral posterior ao prazo da toma de posesión".

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: tendo en conta a urxencia da contratación, proceder ao chamamento de MARÍA DE LOS ÁNGELES B. V. con DNI ***0178** a través da bolsa de emprego para substitución por de persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo, en situación de baixa por incapacidade temporal, para a praza de ANIMADORA CULTURAL, con carácter laboral temporal co código do posto segundo a RPT do Concello de Melide 06.10.2026, quen deberá manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de 2 días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Y2DpFtFCdr2S0MwBClOc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemelide.gal/

No caso de manifestar a seleccionada o seu interese, deberá así mesmo presentar a seguinte documentación no prazo de 4 días hábiles dende a recepción da notificación.

a) Orixinal ou fotocopia compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de NACIONALIDADE (DNI ou equivalente, salvo no caso de DNI ou pasaporte sen oposición a súa consulta polo Concello de Melide) e TITULACIÓN; da documentación acreditativa de ter superados os estudios conducentes a obtención do certificado CELGA 4, así como dos orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos MÉRITOS alegados e valorados.

b) Declaración xurada de non estar afastada mediante expediente disciplinario do servizo decalquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin se atopar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

c) Declaración xurada de non se achar incursa en causa de prohibición, incompatibilidade ou incapacidade.

d) Certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatíbel co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

e) Certificado de antecedentes penais negativo específico sobre delitos sexuais

Se dentro do prazo fixado, excepto casos de forza maior, non presenta a documentación ou do exame desta se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados nas bases da convocatoria non poderá ser nomeado e ficarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que, de ser o caso, podería ter incorrido por falsidade nos datos declarados na instancia.

SEGUNDO: notificar o presente acordo á interesada.

TERCEIRO: publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Ordeno e asino en Melide, martes 17 de novembro de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria en réxime de acumulación da fe. Asdo: A secretaria en réxime de acumulación / Angela María Viqueira Allo.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, martes 17 de novembro de 2026.

Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: Y2DpFtFCdr2S0MwBClOc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemelide.gal/

CONCELLO DE MELIDE

Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno: 981505003 – Fax: 981506203
www.concellodemelide.gal

CVD: Y2DpFtFCdr2S0MwBClOc Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodemelide.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)